

MAXESTOSO

Mosteiro da Armenteira

SINTE RÍAS BAIXAS

GALEGO/ESPAÑOL



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

 ríasbaixas



Edita: Turismo Rías Baixas—Deputación de Pontevedra


Fotografías: Arquivo Turismo Rías Baixas

Deseño e maquetación: Anónimo Advertising



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA





Maxestoso

Mosteiro da Armenteira

Majestoso

Monasterio de A Armenteira

A ARMENTEIRA **RÍAS BAIXAS**

O mosteiro de Santa María da Armenteira é unha xoia dos séculos XII e XIII que hoxe en día se conserva practicamente intacta e namora as e os visitantes pola súa maxestosidade. Imprescindible.

El monasterio de Santa María de A Armenteira es una joya de los siglos XII y XIII que hoy en día se conserva prácticamente intacta y enamora a las y los visitantes por su majestuosidad. Imprescindible.



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



X riasbaixas



ÍNDICE/ÍNDICE

Páx. 7 **A historia**
La historia

11 **A igrexa**
La iglesia

14 **O claustro**
El claustro

16 **Información**
Información



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



X riasbaixas

A historia

La historia

O mosteiro de Santa María da Armenteira atópase en pleno corazón da comarca do Salnés, no municipio de Meis, nun fermoso val na ladeira occidental do monte Castrove. A súa fundación atribúeselle ao nobre don Ero da Armenteira quen, en 1149, levantou nas súas propias terras este mosteiro cisterciense. Proba diso son unha columna do interior da igrexa na honra dos confrades construtores e un lateral do altar principal, no que se atopa unha inscrición coa data do primeiro cenobio.

El monasterio de Santa María de A Armenteira se encuentra en pleno corazón de la comarca de O Salnés, en el municipio de Meis, situado en un hermoso valle en la ladera occidental del monte Castrove. Su fundación se le atribuye al noble don Ero de A Armenteira en el año 1149, que levantó en sus propias tierras este monasterio cisterciense. Prueba de ello es una columna del interior de la iglesia en honor a los cofrades constructores y un lateral del altar principal, donde se encuentra una inscripción con la fecha del primer cenobio.



Don Ero da Armenteira é protagonista dunha famosa lenda que se recolle xa nas cantigas de Afonso X, o Sabio. Segundo a historia, este monxe de idade avanzada saíu pasear unha mañá polos bosques cando, de súpeto, quedou embelesado polo canto dun paxariño. Nese estado pasou uns 300 anos e regresou ao mosteiro crendo que só transcorreran unhas horas, pero todo cambiara e os monxes só o recoñeceron polas crónicas que falaban da súa desaparición. Tras a súa morte, noméano abade santo e na súa imaxe está sempre representada a figura do paxaro sobre o seu ombro.

Este mosteiro estivo ocupado durante 700 anos por unha comunidade de monxes que vivían para a oración e o traballo, ata que no ano 1837 a desamortización obrigounos a

abandonar o cenobio. Excepto a igrexa, que empezou a ser para uso parroquial, o resto de edificios do conxunto iniciaron a súa deterioración progresiva. Non será ata 1969 cando comece a reconstrución, por iniciativa de Carlos Valle-Inclán, fillo do famoso dramaturgo, que xunto a un grupo de entusiastas crea a asociación Amigos da Armenteira para recuperar o conxunto. Finalmente, no ano 1989 restaurouse a vida cisterciense na Armenteira grazas a unha comunidade de monxas procedentes de Alloz (Navarra) que, coma os seus antigos habitantes, se dedican á vida de oración e traballo neste lugar. Actualmente posúen unha hospedería, que se recomenda para descanso espiritual e psicolóxico, e unha tenda na que venden os seus famosos xabóns artesanais realizados con produtos naturais.





Don Ero de A Armenteira es protagonista de una famosa leyenda, que se recoge ya en las cantigas de Alfonso X, el Sabio. Según la historia, este monje de edad avanzada salió a pasear una mañana por los bosques cuando de pronto se quedó embelesado por el canto de un pajarillo. En ese estado pasó unos 300 años y regresó al monasterio creyendo que solo habían transcurrido unas horas, pero todo había cambiado y los monjes solo le reconocían por las crónicas que hablaban de su desaparición. Tras su muerte, lo nombran abad santo y en su imagen aparece siempre representada la figura del pájaro sobre su hombro.

Este monasterio fue ocupado durante 700 años por una comunidad de monjes que vivían para la oración y el trabajo, hasta que en

el año 1837 la desamortización les obliga a abandonar el cenobio. Excepto la iglesia, que empieza a ser para uso parroquial, el resto de edificios del conjunto inician su deterioro progresivo. No será hasta el año 1969 cuando comience la reconstrucción, por iniciativa de Carlos Valle-Inclán, hijo del famoso dramaturgo que junto a un grupo de entusiastas crea la asociación Amigos de A Armenteira para recuperar el conjunto. Finalmente, en el año 1989 se restaura la vida cisterciense en A Armenteira gracias a una comunidad de monjas procedentes de Alloz (Navarra), y como sus antiguos habitantes, se dedican a la vida de oración y trabajo en este lugar. Actualmente poseen una hospedería que se recomienda para descanso espiritual y psicológico y una tienda donde venden sus famosos jabones artesanos realizados con productos naturales.



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



X riasbaixas

A igrexa

A igrexa do mosteiro, dos séculos XII e XIII, é un verdadeiro tesouro catalogado como románico galego, aínda que posúe un estilo de transición ao gótico. Responde plenamente ao modelo buscado polo Císter: está realizada en pedra, é sinxela e austera, sen ornamentacións superfluas e de dimensións proporcionadas.

Ten unha planta basilical con tres naves de catro tramos. A máis ancha é a central, rematada nunha tripla ábsida semi-circular orientada ao leste. Presenta como trazos característicos a horizontalidade e o sentido claro dos volumes, perfectamente graduados. No interior, no lado esquerdo do tramo recto da ábsida, atópase

La iglesia

La iglesia del monasterio es un verdadero tesoro de los siglos XII y XIII, catalogada como románica gallega aunque con un estilo de transición al gótico. Responde plenamente al modelo buscado por el Císter: realizada en piedra, es sencilla y austera, sin ornamentaciones superfluas y de dimensiones proporcionadas.

La iglesia tiene una planta basilical con tres naves de cuatro tramos siendo más ancha la central, rematada en un triple ábside semi-circular orientado hacia Oriente. Presenta como rasgo característico la horizontalidad y el sentido claro de los volúmenes, perfectamente escalonados. En el interior, en el lado izquierdo del tramo recto del ábside,

o sepulcro de don Álvaro de Mendoza y Sotomayor (1615). Do altar destaca o seu traballado baldaquino posterior á construción da igrexa e datado cara ao 1780. Na parte central do leste, sobre os alicerces que rodean o sagrario, hai un gran pedestal que lle serve de soporte á imaxe de Santa María da Armenteira, patroa da igrexa e máis coñecida como a Virxe das Cabezas. Destaca tamén o cruceiro, polas súas dimensións e a impresionante cúpula que o cobre. A cada lado do altar maior atópanse dous retablos de 1770 e 1780, respectivamente, que combinan barroco e neoclásico. A igrexa carece de capiteis e columnas, que foron substituídas por pilastras sobre baseamentos cruciformes.

A portada está dividida por contrafortes en tres rúas, o máis rico é o tramo central, separado en dous corpos mediante un beiril decorado con axedrezado. Esta portada contrasta coa sinxeleza do interior, xa que consta de 6 arquivoltas ricamente decoradas que descansan sobre columnas de fustes cilíndricos ou octogonais, con capiteis decorados con motivos vexetais, baseas e plintos cúbicos. Enriba do beiril, o impresionante rosetón intacto, un dos poucos desta época que se conserva en tales condicións en Galicia. Próxima á fachada atópase a torre da campá, realizada no ano 1778.

A fachada do mosteiro, de finais do século XVIII, oculta o tramo dereito da fachada da igrexa, con balcóns e fiestras de distinto tamaño. Toda esta parte do edificio, que no seu día se correspondería coa dependencia do abade, actualmente alberga a hospedería do mosteiro.

se encuentra el sepulcro de don Álvaro de Mendoza y Sotomayor (1615). Del altar destaca su trabajado baldaquino posterior a la construcción de la iglesia y datado hacia el 1780. En la parte central de este, sobre los pilares que rodean el sagrario, hay un gran pedestal que sirve de soporte a la imagen de Santa María de A Armenteira, patrona de la iglesia y más conocida como la Virgen de las Cabezas. Destaca también el cruceiro, por sus dimensiones y la llamativa cúpula que lo cubre. A cada lado del altar mayor se encuentran dos retablos que datan de 1770 y 1780 respectivamente, combinando barroco y neoclásico. La iglesia carece de capiteles y columnas, que fueron sustituidas por pilastras sobre basamentos cruciformes.

La portada está dividida por contrafuertes en tres calles, siendo el más rico el tramo central, separado en dos cuerpos mediante un tejaro decorado con ajedrezado. Esta portada contrasta con la sencillez del interior ya que consta de 6 arquivoltas ricamente decoradas que descansan sobre columnas de fustes cilíndricos u octogonales, con capiteles decorados con motivos vegetales, basas y plintos cúbicos. Y encima del tejaro, el impresionante rosetón intacto, uno de los pocos de esta época que se conserva en tales condiciones en Galicia. Cercana a la fachada se encuentra la torre de la campana, realizada en el año 1778.

La fachada del monasterio es de finales del siglo XVIII, oculta el tramo derecho de la fachada de la iglesia, con balcones y ventanas de distinto tamaño. Toda esta parte del edificio, que en su día correspondería con la dependencia del abad, actualmente alberga la hospedería del monasterio.





O claustro

Só queda do primitivo claustro a porta de acceso, no lado occidental da ala norte. Cabe supoñer que o claustro orixinal sería igualmente sinxelo e combinaría a luz e as sombras. O actual data do século XVI. A súa planta é cadrada e en cada ala ábrense seis arcos de medio punto que descansan sobre repisas sen apenas decoración. O tramo máis impresionante e rico é o da confluencia das alas oeste e sur, de bóveda con forma de estrela complexa.

No centro de cada parede do claustro alto atópanse inscricións dos anos de construción: 1777, 1778 e 1779. E na ala este, nunha cornixa, hai unha data gravada en vermello, 1677, que é o ano de finalización do claustro baixo.

El claustro

Sólo queda del primitivo claustro la puerta que da acceso, en el lado occidental del ala norte. Cabe suponer que el claustro original sería igualmente sencillo y combinaría la luz y las sombras. El actual data del siglo XVI. Su planta es cuadrada y en cada ala se abren seis arcos de medio punto que descansan sobre repisas sin apenas decoración. El tramo más llamativo y rico es el de la confluencia de las alas oeste y sur, de bóveda con forma de estrella compleja.

En el centro de cada pared del claustro alto se encuentran inscripciones de los años de construcción: 1777, 1778 y 1779. Y en el ala este, en una cornisa, hay una fecha grabada en rojo, 1677, que es el año de finalización del claustro bajo.



Punto de información turística do mosteiro da Armenteira/Punto de información turística del monasterio de A Armenteira

Vilar, s/n, 36667 A Armenteira, Meis
+34 986 804 100
www.turismoriasbaixas.com
info.riasbaixas@depo.es



CALIDAD TURÍSTICA



Como chegar/Cómo llegar

42° 46' 36.11"N · 8° 74' 19.44"W



Visitas guiadas/Visitas guiadas

GRATUÍTAS/GRATUITAS

É necesario pedir cita previa/Es necesario pedir cita previa



Horario/Horario

INVERNO/INVIERNO

De martes a venres: de 10.00 a 14.30 h e de 16.00 a 18.00 h

Sábados, domingos e festivos: de 11.00 a 14.00 h

De martes a viernes: de 10.00 a 14.30 y de 16.00 a 18.00 h

Sábados, domingos y festivos: de 11.00 a 14.00 h

VERÁN/VERANO

De martes a venres: de 11.00 a 14.30 h e de 16.00 a 19.00 h

Sábados, domingos e festivos: de 11.00 a 14.30 h

e de 16.00 a 19.00 h

De martes a viernes: de 11.00 a 14.30 h y de 16.00 a 19.00 h

Sábados, domingos y festivos: de 11.00 a 14.30 h y de 16.00 a 19.00 h



MAXESTOSO

Mosteiro da Armenteira

SINTE RÍAS BAIXAS



www.turismoriasbaixas.com

Praza de Santa María, s/n
36071 Pontevedra

Tel.: +34 886 211 700

